

Pontevedra | 2017-01-27

O Fondo Galego combate a vaga de frío que afecta ás persoas refuxiadas na ruta dos Balcáns

- A asociación de concellos e deputacións

....

- Calquera persoa ou entidade

....



[As solicitudes de asilo en Serbia aumentan no inverno.](#)

FOTO: Acnur / Daniel Etter

[As solicitudes de asilo en Serbia aumentan no inverno.](#)

FOTO: Acnur / Daniel Etter

[As solicitudes de asilo en Serbia aumentan no inverno.](#)

FOTO: Acnur / Daniel Etter

As persoas refuxiadas que seguen a ruta dos Balcáns levan semanas soportando temperaturas baixo cero a causa da vaga de frío siberiano en Europa. Ante esta situación, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade vén de achegar 10.000 euros ao **Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados (Acnur)**, que dotará así de artigos coma roupa, mantas e estufas ás e aos solicitantes de asilo en centros de acollida de Serbia, en coordinación co goberno do país e cos seus parceiros locais.

As deputacións e concellos socios do Fondo Galego contribúen deste xeito a paliar as duras condicións de vida das persoas refuxiadas. No entanto, as distintas administracións locais **poden sumar a esta doazón a súa propia achega específica** a través da conta ES98 2080 0559 2630 4000 4276 de Abanca, indicando como concepto a palabra "refuxiados". Esta conta de emerxencia está dispoñible tamén para persoas individuais, grupos ou calquera tipo de entidade que desexe canalizar así a súa solidariedade coas e cos afectados.

Calquera contía, por pequena que sexa, resulta valiosa ao engadirse ao conxunto. No entanto, o Fondo Galego de Cooperación é consciente de que este tipo de axudas **non son a solución, que debe chegar desde as altas instancias políticas**. Así o esixía hai un ano con [declaracións institucionis](#) nas que reclamaba substituír as medidas restritivas por accións que atallen as causas do problema, en cuxo cerne están os intereses xeopolíticos dos países máis poderosos, ao tempo que chamaba rexeitar os movementos xenófobos.

Co empeoramento das condicións climatolóxicas, o número de solicitudes de asilo en Serbia non deixa de aumentar. Trátase principalmente de persoas **afgás, iraquís e sirias que foxen dos conflitos** nos seus lugares de orixe á procura dunha vida mellor. A maioría áchanse en aloxamentos improvisados que están ao límite da súa capacidade e onde deben agardar arredor de medio ano para poder cruzar a fronteira.

Por outra parte, Acnur está a acondicionar un refuxio temporal para aloxar a quen se achan malvivindo nas rúas de Belgrado, cidade na que ademais se está a levar a cabo a identificación de centos de menores non acompañados para proporcionarlles asistencia especializada. Ás mortes no Mediterráneo, súmanse no que vai de 2017 cando menos outros **cinco falecementos por hipotermia** de refuxiados que se adentran a pé na ruta dos Balcáns.

Estes e outros datos serán ofrecidos pola persoa **representante de Acnur** que, **dentro duns meses, visitará Galicia** para render contas dos investimentos executados co diñeiro canalizado a través do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Mentres tanto, a cidadanía pode seguir informada do que está a acontecer na zona a través da web e das [redes sociais](#) de ambas as dúas entidades, así como das tarefas que se están a levar a cabo perante a situación de emerxencia.

[O Fondo Galego combate a vaga de frío que afecta ás persoas refuxiadas na ruta dos Balcáns](#) Última revisión: 6 Febreiro, 2017 - 10:40